

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA, O CONCELLO DE BURELA E ABANCA CORPORACIÓN BANCARIA S.A. PARA A CELEBRACIÓN DA FEIRA DO BONITO DE BURELA**

**MEMORIA XUSTIFICATIVA**

O xerente de Turismo de Galicia

**DECLARA:**

Que esta Axencia Turismo de Galicia formalizou co concello de Burela o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2022.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer o marco de colaboración para o apoio á celebración da Feira do Bonito de Burela.

O apoio deste evento considérase como un dos elementos esenciais para o desenvolvemento turístico de Galicia. A categoría e relevancia acadada por esta celebración fan que acade unha incidencia directa no que atinxe á divulgación da oferta turística galega vinculada aos seus extraordinarios recursos turísticos, impulsando así a mellora económica do sector.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

**Primeiro.-** A Axencia Turismo de Galicia, segundo o Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos, ten como obxectivo, impulsar, coordinar e xestionar a política autonómica en materia de turismo e, en especial, a promoción e a ordenación do turismo dentro da comunidade. Así mesmo, e de conformidade co disposto no artigo 9 dos seus estatutos,



para o cumprimento dos devanditos obxectivos correspóndelle a dirección e coordinación das actuacións que poidan ter incidencia en materia de turismo.

**Segundo.-** O apoio ás festas de interese turístico, é unha das liñas estratéxicas de traballo de Turismo de Galicia por considerar este tipo de eventos como un elemento esencial para o desenvolvemento turístico de Galicia non que atinxe á divulgación da oferta turística galega vinculada aos extraordinarios recursos turísticos deste país e impulsando así a mellora económica do sector.

**Terceiro.-** O Concello ten competencias en materia de turismo, de acordo co disposto no artigo 25.2.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, posto en relación coa Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia, no exercicio das cales desenvolve diversas actuacións entre as que cabe destacar a celebración da Feira do Bonito de Burela.

**Cuarto.-** O bonito do norte é un dos impulsos económicos de Burela, un pobo mariñeiro da costa de Lugo, ao mesmo tempo que un dos seus sinais de identidade.

Burela pode presumir de porto líder, pero tamén de contar cun excelente e envexable produto, pola súa calidade, polo seu nivel nutricional, polo seu sabor e pola súa autenticidade, resultado dunha forma de pesca sustentable que prioriza a calidade do peixe, dende que se captura ata que se pon á venda, mellorando as embarcacións e os procesos para manter o bonito á temperatura adecuada para que así conserve a mellor das calidades. Unha forma de pesca que pon en valor o respecto pola contorna, utilizándose métodos artesanais, respectuosos e sostibles dende hai séculos.

Tal é a importancia que ten o produto para o municipio, que as súas rúas están asfaltadas con escamas e sangue do bonito. Sen o bonito, Burela non existiría, pois axudou a formar a vila e outorgou moita riqueza aos seus habitantes.

É por todo iso polo que Burela dedica a súa principal festa a bonito dende hai 35 anos, cuxo principal obxectivo é a reivindicación da historia mariñeira do pobo, así como tamén a súa arte, cultura e gastronomía.



A Feira do Bonito é unha cita de referencia en toda a Mariña Lucense, e unha das citas gastronómicas máis importantes da comarca. Durante os seus primeiros anos de vida, a Feira do Bonito era unha degustación popular coa que se conseguiu a participación de todo o municipio e coa que sentaron as bases do que é hoxe en día unha festa de referencia a nivel nacional.

A celebración foi evolucionando ao longo dos anos: dende as festas que remataban coa degustación do produto alá pola década dos oitenta, ata converterse nunha cita que auna cultura, arte, música e, por suposto, gastronomía.

Nas últimas edicións, a xornada comeza no histórico barco-museo “Reina del Carmen” coa recepción de autoridades e invitados, para continuar cun pregón a cargo dun personaxe recoñecido. Despois dáse paso á degustación gastronómica, amenizada por música tradicional, nunha carpa instalada no peirao, onde as racións de bonito preséntanse de distintos modos: en empanada, cocido, asado á grella...

Así, hoxe en día é unha cita referente na comarca a nivel social, xa que está arroupada por un gran número de eventos de diversa índole, completando unha variada oferta de lecer e cultura no municipio. Entre as accións destacadas, enmarcadas dentro da Feira do Bonito, atópanse, ademais da degustación do produto, o Certame Internacional de Pintura Mural Amarte Burela; a feira do Bonito Music, con concertos e a presentación oficial do festival Osa do Mar; a feira de artesanía Produart, organizada pola Fundación Expomar, con mesas redondas e exposicións sobre medio ambiente e ecoloxía, e a Mostra de Cine Marítimo Ultramar.

Pero non só iso, a Feira do Bonito non é simplemente unha cita gastronómica; é unha reivindicación e, como tal, pon en valor a cultura local, a súa arte, a súa forma de vida (a pesca), a súa música... Protagonizada polos seus habitantes de Burela e da Mariña Lucense, a Feira do Bonito é para eles, pero tamén para a gran cantidade de turistas que visitan a zona, así como para a xente dos arredores de Burela, que acode masivamente a esta celebración todos os anos a primeira fin de semana de agosto.

A feira reúne cada ano entre preto de 10.000 persoas en só unha fin de semana: un dato moi relevante tendo en conta que o municipio conta con preto de 9.500 habitantes. Repártanse preto de 3.000 kg de peixe; o que equivalen a un total de aproximadamente



5.000 racións e esta Feira do Bonito foi declara **de interese turístico nacional** no ano 2019.

**Quinto.-** O apoio, promoción e difusión deste evento considérase como un dos elementos esenciais para o desenvolvemento turístico de Galicia. A categoría e relevancia acadada por esta celebración fan que acade unha incidencia directa no que atinxe á divulgación da oferta turística galega vinculada aos seus extraordinarios recursos turísticos, impulsando así a mellora económica do sector.

**Sexto.-** Que a través deste convenio, outórgase ó Concello de Burela unha subvención directa en virtude do disposto no artigo 19.4.c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, polas razóns de interese público, social, económico e humanitario expostas nos puntos anteriores e que dificulta a súa convocatoria pública, de conformidade co previsto no artigo 26.2.a) da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen, ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2004, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela

O xerente de Turismo de Galicia

Antonio Casas Calviño

